

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE XUÑO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezasete de xuño de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as dez horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 10 de xuño de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

### 2.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA AMPARADA EN COMUNICACIÓN PREVIA

#### ANTECEDENTES

1º.- Don Manuel Albor Bernárdez, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Mourigás, parroquia de Arnego, solicita con data 23 de maio de 2022 (RE-E núm. 231) unha primeira prórroga do prazo de execución das obras de ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA EN VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar Mourigás, parroquia de Arnego.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 16 de marzo de 2022, adoptou acordo de declaración de eficacia da comunicación previa presentada, en virtude do disposto no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no artigo 361.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).

3º.- Na comunicación previa presentada consignábase como data de inicio das obras o día 1 de abril de 2022, cun prazo de execución de dous meses.

4º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 14/06/22, acreditando a conformidade da prórroga solicitada.

#### FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 363.1 da RLSG textualmente dispón: “As comunicacións previas relativas á execución de obras deberán sinalar o prazo para o seu inicio e remate, en proporción á súa entidade e de conformidade co que establezan as ordenanzas municipais sobre uso do solo e a edificación. Os prazos indicados prorrogaranse pola metade do prazo establecido se a persoa interesada o comunica antes de ter transcorrido o referido prazo. O prazo para o inicio e remate das obras non poderán exceder dos tres meses e un ano respectivamente”.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte:

#### ACORDO

Conceder ao solicitante unha prórroga dun (1) mes para a execución das obras, que rematará o día 1 de xullo de 2022.

### **3.- BAIXA VOLUNTARIA DE USUARIO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2021-2022**

VISTO o escrito presentado por Don José Ángel García Penerbosa, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Santa Baia, parroquia de Santa Baia

de Camba (RE núm. 916, do 09/06/22), polo que solicita a baixa voluntaria do seu fillo Manuel García Josenge como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI), curso 2021-2022. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda autorizar a baixa solicitada con data de efectos do día 30 de xuño de 2022.

#### ***4.- AUTORIZACIÓN PARA AUMENTO DE XORNADA ADXUDICADA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2021-2022***

Infórmase aos Sres. concelleiros presentes que a existencia de praza vacante en horario de mañá para o vindeiro mes de xullo do corrente permite incorporar á xornada completa á primeira solicitude existente na lista de agarda do PAI para o curso 2021-2022. Dita solicitude correspóndese coa asinada por Dona Maria José Fafián Senra, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Asperelo, parroquia de San Martiño de Asperelo, quen solicitou inicialmente para a súa filla Irina Faílde Fafián a xornada completa de mañá e tarde pero, por mor da ausencia de praza libre nese momento, soamente se lle puido adxudicar a xornada parcial de tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de praza vacante a esta data na quenda solicitada, e de conformidade co informe favorable emitido pola mestra do PAI Dona Raquel Blanco Valladares en data 09/06/22, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda autorizar o aumento de xornada solicitado para a usuaria IRINA FAÍLDE FAFIÁN, pasando da xornada parcial de tarde inicialmente adxudicada á xornada completa de mañá e tarde, con efectos do día 1 de xullo de 2022.

#### ***5.- RENOVACIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON MINUSVALIDEZ***

VISTO o informe emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, en data 15/06/22, que acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade

dos Sres. concelleiros asistentes, acorda autorizar a renovación da tarxeta, concedida por acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 29 de xuño de 2007, a favor de Dona SUSANA QUINTÁ RODRÍGUEZ, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

## **6.- CONCESIÓN DA PRIMEIRA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2022**

Infórmase aos Sres. concelleiros asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 25 de febreiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) para gastos correntes e DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 38, correspondente ao día 24/02/22. Con data 18 de abril do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello a axuda solicitada (RE núm. 622, do 22/04/22).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez con data 15/06/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a primeira quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor dos/as veciños/as que deseguido se relacionan e coas contías e destinos que se especifican:

### Gastos correntes

BENEFICIARIO/A	NIE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
[REDACTED]	[REDACTED]	Rodeiro – Rodeiro	500,00 €	Pagamento de gastos de aluguer
[REDACTED]	[REDACTED]	Rodeiro - Rodeiro	280,00 €	Pagamento de tratamento odontolóxico

### Gastos de investimento

BENEFICIARIO	NIE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████████	Rodeiro - Rodeiro	93,00 €	Pagamento de lentes

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % da axuda concedida.

Terceiro.- O gasto subvencionado debe ser efectuado con anterioridade ao día 31 de decembro de 2022. Os/as beneficiarios/as deberán presentar as facturas ou xustificantes do gasto polo importe das subvencións concedidas no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2023. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade da cantidade anticipada, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

## **7.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS**

Vistos o orzamento presentado en data 17/06/22, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos pola concelleira-delegada de Igualdade Dona Ana Belén Calvo Mariño, con datas 17/06/22 e 06/06/22 respectivamente, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “Concilia Verán Rodeiro 2022”, entre os días 23 de xuño e 7 de setembro do corrente, ambos inclusive, á sociedade GRUPO ACODE EDUCA S.L., con CIF núm. ██████████, e con domicilio social en Lalín, ao prezo de CATORCE MIL NOVECENTOS EUROS (14.900,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

## 8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E.  
49,23 € E 36,11 €  
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de maio de 2022, s/facturas núm. 4003404664 e 4003404666 (FACe).
- JORGE OJEA MATO 85,66 €  
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 85,66 €  
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- NATALIA SALGADO RODRÍGUEZ 79,56 €  
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- ALFONSO DOVAL CIDRE 79,56 €  
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- TALLERES JEYMA RODEIRO S.L. 36,30 € E 556,91 €  
Por traballos de reparación e substitución de pneumáticos de vehículo municipal, s/facturas núm. A/55 e A/61.
- CEXNOR TECNIC S.L. 680,02 €  
Por traballos de revisión de extintores en edificios e vehículos municipais, s/factura núm. FA22/755.
- FERRODEIRO S.L. 2.323,28 €  
Por subministro de roupa de traballo e materiais de ferraxería para traballadores/as e obras municipais, s/factura núm. 001329.

- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.082,62 €  
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de maio de 2022, s/factura núm. FA – 974.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.797,41 €  
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de maio de 2022, s/factura núm. 2022/1330 (FACe).
- SERVANDO BARREIRO FERNÁNDEZ 250,00 €  
Por realización de sesión de contos e cantigas dentro do programa “*Ler conta moito*”, s/factura núm. 11-22.
- VOZ DE GALICIA RADIO S.L.U. 338,80 €  
Por publicidade da iniciativa “Rodeiro de tapas 2022” en Radio Voz, s/factura núm. P22000814 (FACe).
- UNIPREX S.A.U. 363,00 €  
Por publicidade da iniciativa “Rodeiro de tapas 2022” en Onda Cero, s/factura núm. 2221023293 (FACe).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.167,41 €  
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041172948 (FACe).
- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 4.179,66 €  
Por subministro de zahorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000243 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)